

Att. Secretaría Xeral de Industria;

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Asunto: ALEGACIONES ao ANUNCIO do 20 de febreiro de 2024, da Secretaría Xeral de Industria, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA), a declaración de utilidade pública e o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, promovido por Greenfiber, S.L. e declarado proxecto industrial estratéxico (PIE) polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 29 de decembro de 2022, que se vai implantar no concello de Palas de Rei.

D/Dña \_\_\_\_\_, con DI \_\_\_\_\_, e domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, e correo-e \_\_\_\_\_

DI:

- Que en tempo e forma, pola presente e en relación co anuncio, procédese a expor as seguintes,

### ALEGACIONES

Con este proxecto resultarán danadas irremediabelmente a comarca da Ulloa, Terra de Melide, comarca de Arzúa e ribeiras do Ulla, así como toda a Ría de Arousa, e afectará negativamente no conxunto do país.

Unha empresa que se define no seu EIA, na páxina 454 como industria enclave e que, no caso de realizarse, emitirá gases contaminantes e contaminará o río Ulla estragando terras de cultivo, envelenará a auga do río que dá de beber a 100.000 persoas e terá un impacto moi negativo na Ría de Arousa non debera ser autorizado nin o seu estudo de impacto ambiental (EIA) nin a súa autorización ambiental integrada (AAI).

Remítense seguidamente as principais afectacións e efectos negativos do proxecto e os motivos polos que se considera que non pode resolverse positivamente a solicitude presentada pola peticionaria.

### 1.- Sobre o impacto socioeconómico

A 2 km do camiño de Santiago preténdese instalar dúas factorías neste proxecto. Por unha banda para elaborar 400.000 T/ano de pasta de celulosa solúbel, e outra que fabricaría LYOCELL que, no seu desenvolvemento final serían 200.000 T/ano.

O proceso vai ser maioritariamente para a elaboración de pasta solúbel; é dicir estamos ante unha pasteira de grandes dimensións que non vai pechar ningún ciclo en Galiza se non que esta pasta levarase a outros países para transformalo en fibra téxtil. A peticionaria pretende ocupar 365 hectáreas, inutilizará parcelas nunha comarca onde o sector agrogandeiro é moi importante e no que diferentes empresas se asentaron sobre o sector primario (algúns delas en ecolóxico invertendo en I+D) e que verán irremediabelmente afectada a súa produción ou veranse abocadas

ao peche. Ademais, a demanda de eucaliptos para alimentar á planta modificará usos do solo e perderase superficie agraria útil.

Ademais na comarca da Ulloa pasa o camiño de Santiago e o seu redor creouse unha economía de servizos que se vai ver afectada. O camiño de Santiago Francés declarado BIC, vaise atopar cunha cheminea de 75 metros ao seu paso (o que equivale a un edificio de 25 plantas) nunha contorna que ten que ser protexida.

Ademais, fora da comarca da Ulloa, a contaminación do río polos usos químicos da planta afectará desde o consumo da auga (hai un proxecto para aumentar a potabilización da auga da planta de Padrón que tería que mudarse contaminación do Ulla); pasando por unha zona vitivinícola importante que forma parte da D.O. Rías Baixas ata, na desembocadura da ría de Arousa, co arrastre de contaminación orgánica e inorgánica do río e que afectará a todo o sector mar industria da Ría de Arousa. Arousa Norte, é hoxe o 9º PIB máis elevado do país nunha economía ligada á produción marisqueira e pesqueira da Ría de Arousa, con especial mención ao peche de ciclos do sector conserveiro. Así mesmo, os bancos marisqueiros da ría, xa hoxe nun estado de diminución por mor de cambios de condicións das augas (entre outros) veríanse afectados pola auga recollida pola factoría (46 millóns de metros cúbicos por día segundo GRENNFIBER, S.L nun encoro, o de Portodemouros que nunca chegou ao máximo da súa capacidade) e, ademais, que devolverá o 65% dela ao río mais coa temperatura aumentada e con restos químicos.

Hai unha clara falta de rigor ao respecto dos postos de traballo que defende que van ser creados desde a empresa. Altri, grupo empresarial portugués que presenta o proxecto, en Portugal produce 1,5 millóns de toneladas de pasta e dá emprego a 774 persoas polo que neste caso o número facendo uso proporcional e atendendo a mecanización dos procesos hoxe vai ser moito menos que ese número. Ademais, é máis que dubidoso que se creen postos de traballo indirectos fora da tala de eucaliptos xa que o proceso de trillado e transformación da madeira non se vai dar en serradoiros se non na propia factoría. O aumento da produción de eucaliptos substituirá outras madeiras que dan emprego e crean economía circular no noso país: desde a súa plantación até a transformación de mobiliario para todos os usos: tendas, barcos, chans, hospitais e outros usos públicos, vivendas, etc. En resumo, a propia definición da empresa no seu EIA como “industria enclave” bota por terra o proxecto de “economía circular” que nos pretenden vender.

Ademais, hai un incumprimento do principio DNSH (***Do Not Significant Harm***) que obriga os fondos PERTE ( e se ten en conta nos Next Generation) alomenos nos puntos c, d, e, f que se enumeran a continuación:

O **Regulamento (UE) 852/2020** relativo aos investimentos sustentábeis establece no seu Artigo 9 cales son eses 6 obxectivos medioambientais que os proxectos deben respectar (non afectar negativamente a un ou a varios destes obxectivos) para seren considerados investimentos sustentábeis e, consecuentemente, seren financiados polo PERTE:

- a) mitigación do cambio climático
- b) adaptación ao cambio climático
- c) **uso sustentábel e protección dos recursos hídricos e mariños**
- d) **transición para unha economía circular**
- e) **prevención e control da contaminación**
- f) **protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas.**

## **2. Sobre os impactos na bacía hidrográfica e a calidade das augas do río Ulla**

A solicitude da **concesión de augas da factoría sería para 75 anos**. O obxectivo fundamental é a produción de 400.000 toneladas métricas de celulosa soluble, pasta secada ao aire para seren materia prima para diversas fibras téxtiles, así como 200.000 toneladas ao ano de *lyocell*, tecido artificial e ecolóxico fabricado a partir de pasta de madeira. Nunha primeira fase, a produción sería de 250.000 toneladas anuais de celulosa e 60.000 de *lyocell*.

A concesión de auga solicitada por Greenfiber no encoro de Portodemouros é de 46.000.000 l/día, (o que equivale ao consumo de auga para uso humano de toda a provincia de Lugo). A peticionaria non avaliou correctamente o impacto da detracción sobre os usos actuais desta bacía, xa que compara o volume da captación coas aportacións naturais (aportacións que habería de xeito natural sen infraestruturas de derivacións de caudais) acumuladas que chegan ó encoro de Portodemouros, sen ter en conta todos os usos acumulados na bacía, tan só considerou os usos do propio encoro.

A factoría para o seu estudo conta sempre coa a capacidade máxima do encoro de Portodemouros cando nunca estivo ao máximo de capacidade e incluso a finais da estación do verán ten problemas de seca, prohíbese o baño e hai recortes de auga de maneira ocasional. Erra tamén Greenfiber, S.L. e non mencionar outros usos do embalse como os recreativos ou a pesca no informe. Ademais, non se tiveron en conta os escenarios de cambio climático nunha concesión a 75 anos, (Hoxe o Plano Hidrolóxico vixente apunta unha redución de recursos hídricos para o ano 2039 dun 8,39%, mais acusada no período 2070-2100 segundo datos remitidos polo campus Terra da USC).

O Concello de Touro vén padecendo nos últimos anos episodios de seca e experimentando dificultades á hora de realizar o suministro público de augas, que á larga pode resultar na necesidade de abastecerse do río Ulla nun futuro próximo, feito que se vería ameazado se o proxecto sae adiante cos verquidos que prevé realizar ó río ulla.

## **3. Sobre o impacto da contaminación aérea**

No publicado no DOG e en período de consultas e alegacións da empresa fala que os gases que sairán dunha cheminea de 75 metros (situada ao carón do camiño de Santiago) expulsará partículas (“sólidos”) de restos da celulosa, dióxido de nitróxeno e dióxido de xofre polo que é fácil alegar que producirán chuva ácida e COV (Compostos orgánicos volátiles). Estes gases serán un problema para persoas alérxicas e dificultades respiratorias (nomeadamente persoas maiores) no caso de instalarse a factoría. Faise por parte da factoría unha simulación da zona afectada pero neste estudo non se teñen en conta nin a orografía nin a estacionalidade. Por todo isto, non podemos sacar unhas conclusións definitivas acerca do impacto que vai causar na calidade do aire porque se precisa dun estudo no que se debería ter contado coas estacións meteorolóxicas que na mesma zona hai de Meteogalicia e AEMET e facer unha comprobación nas catros estacións do ano. A simulación mostrada e a área de contaminación e choiva ácida presentada pola empresa está reducida mentres non se teña en conta as características especiais de onde se pretende instalar a empresa no corazón do Ulla.

Podemos concluír, iso si, que afectará a persoas con problemas respiratorios e a menores de idade de maneira significativa, ao tempo que se perderán cultivos pola choiva ácida que se confirma no

proxecto. Isto implica que se ten que ter especial coidado en empresas que traballan en ecolóxico na zona e, que ante a contaminación aérea verán en perigo o seu medio de vida.

#### **4. Sobre os impactos na Rede Natura 2000 e nas especies ameazadas**

Altri estará situado nunha zona de ampliación de Rede Natura 2000 catalogada desde 2011. As características do lugar fan que especies únicas en canto a flora e fauna sexan un valor cultural, patrimonial e de biodiversidade en si mesmo. A zona serpentínica da Serra do Careón é única e “as serpentinas de Melide” constitúen un dos espazos de maior interese botánico da Península. Nela hai chans con elemento pesados como o níquel moi difíciles de atopar en Terra de maneira natural. Confórmase por unha zona de rochas ultrabásicas e pouco fértiles para cultivos pero que orixinou especies únicas e endémicas adaptadas a ese chan.

Polo presentado pola peticionaria, esta mostra o pouco interese por manter unha área de especial interese para a conservación da biodiversidade, desatende os obxectivos marcados na UE de mantemento e protección de hábitats, no que se reclama tamén que se amplíe en Galiza a zona a protexer, atenta contra Catálogo de especies ameazadas de Galicia (Decreto 88/2007, de 19 de abril) onde aparecen as especies endémicas (que pasarei a nomear e non se ten en conta que a captación de augas destruíría a ampliación da RN2000 na serra do Careón e que tamén afectaría na súa canalización a parte da RN2000.

Por todo isto, demando se teña en conta o catálogo de especies a protexer e **catalogadas hoxe en perigo de extinción** en Galiza (e que son endémicas no lugar): *Santolina melidensis*, *Armeria merinoi* e *Leucanthemum*. Ademais, que tamén se pare o proxecto por estar nunha zona de paso de aves protexidas que só aniñan no lugar, e outras especies protexidas ou consideradas vulnerábeis. Ademais, menciónase no EIA e AAI da peticionaria o mexillón de río, especie en extinción e que ten en Galiza case o único lugar da Península Ibérica onde a súa poboación non está extinguida (esta especie filtradora vale para limpar e protexer os ríos e un proxecto da USC e a Xunta de Galiza para a súa expansión está hoxe “nun caixón” esperando a ser desenvolta pola administración galega) pero non se explica como se vai protexer da auga que devolverá a factoría ao río cunha temperatura aumentada á orixinal e que implicaría a mortalidade deste bivalvo.

É preocupante que ante o explicado anteriormente, no presentado para a súa consulta pola empresa non nomea a especies en perigo de extinción, ocúltaas e outras que nomea incluso escribe de maneira errada o seu nome. Unha solución dada pola empresa é trasladar especies únicas que existen en condicións únicas a outra zona para protexelas das obras de canalización e construción da factoría. Isto demostra grande descoñecemento de como traballar e non danar hábitats protexidos xa que, especies dadas en condicións extremas non se van desenvolver correctamente “mudándoas a outro lugar” como pretende GREENFIBER ,S.L.

#### **5. Sobre os solos**

Ademais do xa explicado do interese xeolóxico dun lugar que ten en terra minerais e chan moi difíciles de atopar na superficie terrestre , os solos veranse afecta pola máis que asumible eucaliptización da zona no caso de levar a cabo o proxecto en fase de alegacións e exposición pública. Esta especie pirófita (razón suficiente para a súa prohibición de ampliar plantacións en Portugal desta especie) afectará á auga dos solos co que aumentará a presión sobre xa o consumo excesivo de auga que pretende usar a factoría. Isto pode provocar o aumento de incendios e afectar aos cauces fluviais.

Ademais, a orixe das serpentinitas no lugar ten e unha escasa presenza a nivel mundial e en Galiza representan unicamente un 0,2% da superficie total (SITGA, 2001- Mapa litolóxico Galicia). Hai que concluír logo que a implantación desta fábrica e as súas infraestruturas asociadas ignora totalmente a Estratexia da UE para a protección do solo para 2030 (UE, 2021), que indica que os Estados membros deben mellorar a xestión do uso do solo para permitir a súa conservación xa que é vital para a nosa supervivencia.

## **6. Sobre as afeccións o patrimonio cultural e á paisaxe**

A Ría de Arousa estará afectada pola contaminación do río Ulla e afectará á nosa cultura mariñeira e investimento no sector mar – industria. Somos unha nación mariñeira e dependente economicamente deste sector. Por iso debemos salienta a ILP para “**o recoñecemento das actividades pesqueiras e marisqueiras tradicionais de Galiza**” que se está a desenvolver por confrarías e asociacións en todas as rías por considerar que as actividades pesqueiras e mariñeiras están desprotexidas legalmente fronte a outros sectores industriais (ex: eólicos) que pasan a ser de interese xeral coa lexislación vixente da Xunta de Galiza. Esta iniciativa para facer fronte a proxectos industriais que dificultan a actividade pesqueira e marisqueira ten en Altri unha grave ameaza contra un sector do mar que crea milleiros de postos de emprego e que é unha parte indispensable da nosa cultura e modo de vida.

Ademais o lugar escollido pola empresa (despois das diferentes alternativas que presentan no proxecto que gardan entre elas todas similitudes) afecta a elementos catalogados do noso patrimonio material e inmaterial como mámoas (afectadas na tubaxe de 12,5 km que pretende a empresa para canalizar e cunha servidume que inutiliza terras); o camiño de Santiago (O camiño Francés está declarado BIC, Ben de Interese Cultural) e tamén á transformación da paisaxe.

Do mesmo xeito, o proxecto afectaría directamente sobre o percorrido da Eurovelo, afectando gravemente ós seus valores naturais, culturais e polo tanto ó seu desenvolvemento.

Ademais, provocará un maior despoboamento na zona porque ninguén quere vivir nunha comarca rural, con poucos servizos público polo desmantelamento da Xunta de Galiza nos últimos 15 anos e que se converterá nun foco de contaminación. Mostra diso son as queixas dos colexios de Melide e Santiso, persoados nas súas ANPAS e preocupado polo futuro dos nenos e nenas para a súa saúde e futuro medio de vida con actividades ligadas ao sector primario que desaparecerían de realizárense este proxecto tal e como se presenta.

Por todo iso, **SOLICITO:**

- **Unha declaración negativa**, A NON autorización ambiental integrada (AAI), REXEITAR o estudo de impacto ambiental (EIA), a NON declaración de utilidade pública e REXEITAR o proxecto para a implementación dunha industria de pasta de celulosa solúbel e fibra téxtil e as súas infraestruturas promovidas por Greenfiber, S.L.
- **Que se recoñeza a persoa que asina** (de carácter físico ou xurídico) como interesada no proxecto e as súas afeccións.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

Asinado: